

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE XANEIRO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e nove de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Acórdase adiar a aprobación da acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 22 de xaneiro de 2014, por non estar asinado polo presidente da mencionada sesión.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición da edificación de planta baixa e alta, situada en solo urbano, na avda. da Coruña, número 168; para instalación de estación base de telefonía móbil en solo urbano, na rúa Artista Tino Prados, número 12; para a reforma de local e adecuación de fachada destinada a clínica dental, no edificio sito en solo urbano na rúa Tenente Coronel Teijeiro, número 3; para ampliación de planta primeira e reforma interior de nave construída coas licenzas 998/02, 945/10 e 1476/12, para obradoiro artesanal de produtos de panadería e pastelería con servizo de venda e café bar, na rúa das Costureiras, parcela 8, rueiro F, parque empresarial IN-F; para acondicionamento de local para garaxe de uso público no edificio con licenza 1510/05, sito en solo urbano na avda. da Coruña, número 438 e para cambio de uso de almacén na planta primeira para ampliar vivenda existente no edificio de nave e vivenda con licenza número 3/82, sito en solo urbano na estrada da Coruña, número 162.

**2. XESTIÓN.-** Acórdase a declaración de ruína técnica e urbanística no expediente contradictorio de ruína do inmovible número 14 da rúa Milagrosa.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**3. FACENDA LOCAL.-** Acórdase aregularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	31/01/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/2



AhLNtBbTSBhzHw9RKfZNug==

construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para rehabilitación de edificio na rúa Armanyá, 3.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:**

- Escrito dunha funcionaria sobre abstención do seu nomeamento como instrutora no expediente disciplinario iniciado a un funcionario.

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**

Código Seguro de verificación: AhLNtBbTSBhzHw9RKfZNug==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	31/01/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	AhLNtBbTSBhzHw9RKfZNug==	PÁGINA 2/2



AhLNtBbTSBhzHw9RKfZNug==